

MEMORIA DE
ACTIVIDADES
Delegación Galicia 2017



andade
{ asociación nacional
de amputados de España
andade.es



1. ANDADE: QUEN SOMOS

É unha asociación de persoas amputadas de ámbito nacional sen ánimo de lucro, fundada no ano 2008 por un grupo de persoas con amputacións de toda España, coa fin primordial de apoiar, informar, asesorar, axudar e guiar a toda persoa que teña pasado por un proceso de amputación, así como as súas familias, facilitando e favorecendo ao colectivo de persoas con amputacións na súa plena integración, en todos os ámbitos da sociedade.

Dende a súa fundación ata o momento, experimentou unha notable evolución, tanto en iniciativas, como en prestacións non só aos seus asociados senón a calquera persoa con amputacións que se achega á asociación e as súas familias.

A oferta dos diferentes servizos que presta "ANDADE", ten como obxectivo o poder chegar á plena totalidade da poboación amputada dos diferentes concellos de toda España nos que desenvolve a súa labor social, en beneficio de toda persoa con amputacións, alí onde queira que esta se atope.

2. MISIÓN E VISIÓN DA ENTIDADE

1.- Pago íntegro e directo das próteses por parte do sistema sanitario público, incluídas, por suposto, as de última xeración. Evitando así, a carga económica, mellorando a autonomía persoal e mellorando as condicións físicas, biomecánicas, psicolóxicas e a calidade de vida do paciente, e optimizando os recursos sanitarios.

2.- Creación dun Catálogo de Prestacións Ortoprotésicas único, para todo o territorio nacional e actualizado coas últimas tecnoloxías. Desta forma, existiría unha igualdade de trato para todos os amputados independentemente das CCAA en que vivan.

3.-Inclusión de próteses que incorporan novas tecnoloxías, chamadas de última xeración ou biónicas, nas prestacións do catálogo. Este punto é moi importante, porque non se está a facer, minorando a calidade de vida e saúde do paciente que se ve obrigado a utilizar as próteses desactualizadas

que propón o catálogo, porque non dispón dos medios económicos para ter acceso ás mellores.

4.- Asistencia de persoal de psicoloxía clínica para a atención das persoas pacientes amputadas e familiares directos, tanto antes da amputación, si é programada, como a posteriori. Desta forma evítanse traumas anímicos, morais e de autoestima para a persoa usuaria e evítanse gastos innecesarios en medicamentos.

5.-Formación do persoal técnico de ortopedia con estudos regrados e con dous anos mínimo de prácticas en hospitais, ortopedias, centros de rehabilitación, en beneficio da correcta atención e saúde física das persoas amputadas.

6.-Recuperación física, funcional e reeducación da marcha por fisioterapeutas e terapeutas especializados, conseguindo así sacar o maior rendemento posible das próteses, evitando futuras lesións por uso e manexo incorrecto. Para iso debe existir unha unificación de criterios por parte dos Servizos de Rehabilitación da Rede Sanitaria Pública, en todas as CC.AA en canto á atención, información, valoración, prescrición protésica e seguimento de todos os pacientes amputados.

7.-Cohesión e representación do colectivo de amputados para poñer a disposición das Administracións Públicas correspondentes, fabricantes, profesionais da medicina e sociedade en xeral e necesidades do paciente, o cal é o interlocutor máis adecuado. Divulgación das necesidades e carencias das persoas amputadas para o coñecemento da sociedade en xeral.

8.-Información, asesoramento e guía para que a persoa paciente amputada e as súas familias encontren apoi desde o momento inmediatamente posterior á amputación.

9.-Control de ortopedias e prezos para evitar abusos. Obrigatoriedade dun contrato no que quede reflectida tanto a correcta praxe como a garantía do traballo realizado para as dúas partes e cumprimento en todos os establecementos, da Lei de Mínimos establecida para estas instalacións.

10.-Creación dun Centro Nacional de Referencia para Pacientes Amputados seguindo o exemplo doutros países do noso entorno onde se fomenta a investigación e formación. Onde se aborde ó paciente amputado por un equipo multidisciplinar Especializado e onde se poden abordar estudos de biomecánica, análise do movemento e valoración do aparato locomotor, para tratar de evitar patoloxías derivadas dunha adaptación protésica inadecuada ou por algún outro tipo de causa.

11.-Fomento do deporte e actividades lúdicas para manter un bo estado físico e anímico e conseguintemente unha boa calidade de vida.

12.-Valorar no catálogo, en certos artigos, a duración do seu recambio e incluír outros que existen no mercado, que utilizan as persoas afectadas porque se adaptan mellor as súas necesidades.

13.- Creación dun Banco de próteses para a súa reutilización.

14.- Formación e divulgación continua a médicos/as rehabilitadores/as sobre a montaxe dos distintos tipos de prótese, coas últimas novidades das mesmas, para unha correcta prescripción segundo a idade, actividade, tipo e nivel de amputación para cada paciente.

3. FINS ESTATUARIOS

1. A orientación aos afectados, familiares, cuidadores, profesionais sanitarios e sociais, tanto sobre a problemática da enfermidade ou amputación e as súas consecuencias e as solucións posibles a eses problemas.
2. A atención as persoas afectadas dende a fase hospitalaria e o seu seguimento asistencial, así como a súa integración ou reingreso na vida social, educativa, de formación profesional e laboral, en canto ao seu estado o permita.

3. Contribuír á axuda física, psicolóxica, social e moral de todas as persoas afectadas da enfermidade ou amputación así como o estímulo do estudo sobre a súa causa e tratamento.
4. A promoción, formación e integración social e laboral das persoas cunha amputación, se así o requiriran.
5. O incremento da calidade de vida das persoas afectadas e a mellora do benestar social, psicolóxico e emocional, nas persoas enfermas ou amputadas e as súas familias.
6. O fomento da investigación e divulgación de técnicas ou tratamentos que preveñan, palién e mitiguen os efectos da enfermidade ou amputación.
7. Realizar campañas de sensibilización social dirixidas, tanto as persoas afectadas por unha amputación coma aos seus familiares, aos profesionais e Poderes Públicos co obxectivo de sensibilizalos sobre esta problemática.
8. Promoción e organización de cursos, seminarios e certames co obxectivo da formación, especialización profesional e a formación laboral dirixida tanto as persoas discapacitadas como a calquera que estea vinculado a este entorno.
9. A cooperación con outros grupos, entidades, e asociacións, no fomento da auto axuda, o asociacionismo e as redes civís de servizos sociais das persoas afectadas por unha amputación.
10. A difusión e defensa do cumprimento das leis e normativas existentes, relacionadas coas discapacidades físicas das persoas enfermas ou amputadas, así como a defensa dos dereitos dos mesmos.
11. Velar e esixir o cumprimento do artigo 49 da constitución Española o cal recolle a atención especializada por parte dos poderes públicos ás persoas discapacitadas.

12. Defensa, promoción e esixencia das condicións de accesibilidade, telecomunicacións, bens e servizos e relacións coa administración.
13. A colaboración, na información de dita discapacidade, coa presenza en eventos, actos, etc., con entidades e organismos públicos e privados de fins similares incluso no ámbito internacional.
14. Creación dun Foro de intercambio de experiencias para axudar ao colectivo. Creación dun portal web para o mesmo.
15. A información, divulgación e asesoramento de todos os sistemas técnicos ortopédicos no mercado ou en investigación.
16. O asesoramento na tramitación de subvencións ou financiación para a adquisición dos sistemas referidos anteriormente e ante Organismos Públicos, ou outras Asociacións ou entidades privadas.
17. A reclamación de cantos danos e prexuízos se produzan pola utilización dos mencionados sistemas ante as entidades fabricantes e/ou vendedoras, así como os recursos, sexa ante a xurisdición contencioso-administrativa ou en vía ordinaria contra a denegación total ou parcial das solicitudes de prestacións económicas ou doutro tipo que realice calquera persoa beneficiaria dos nosos fins asociativos.
18. Recompilación, recuperación e reciclaxe de próteses usadas.
19. Calquera outro medio que sirva para a realización dos seus obxectivos e dotarse de todos os medios persoais e materiais necesarios para o cumprimento dos seus fins.

4. XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Asociación "ANDADE" no ano 2017 está composta polos seguintes membros:

Presidente: Carlos Ventosa Lacunza.

Vicepresidenta: María Manzanegue Rodríguez

Secretario: Jesús Martínez Pérez

Tesoureiro: Jesús Martínez Pérez

Vocales:

María José Alenda

Carlos Díez

José Cougil

Ramón Lage

Salvador Jiménez

5. RECURSOS ECONÓMICOS

A asociación utilizará diferentes vías de financiación para sufragar os gastos derivados do seu funcionamento. A colaboración económica solicítase tanto á Administracións Nacionais e Autonómicas, como ás diferentes administracións locais do ámbito de actuación "ANDADE" e a entidades privadas (obras sociais, fundacións, etc.). Unha pequena parte dos ingresos procederán de recursos propios a través da cota anual dos socios.

6. COLABORACIÓN E/OU PERTENZA

"ANDADE" constitúese como unha entidade aberta sen ánimo de lucro da que poden formar parte todas as persoas que o soliciten sempre que compartan os principios e fins de "ANDADE" na defensa da plena integración das persoas amputadas.

Tipos de Socios/as:

Socios de número

- a. As persoas amputadas maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- b. As persoas con amputacións menores de idade, non emancipadas, de máis de catorce anos, previo consentimento, documentalmente acreditado, dos seus pais ou titores.
- c. Proxenitores, titores e titoras ou representantes legais en representación das persoas menores de idade ou incapaces.
- d. Persoas que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas amputadas.

Socios/as de Honra e Colaboradores/as

- a. Poderán ser nomeados socios/as de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins de "ANDADE" e do colectivo que representa.
- b. Os colaboradores/as serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con "ANDADE" mediante a súa participación ou mediante achegas económicas.

7. UBICACIÓN

O domicilio social de "ANDADE" está en:

C/ Puente la Reina 28 3º H 47011 – Valladolid

Dirección: <https://goo.gl/maps/iLoQYUMiD4G2>

CIF: G85112134

Telf: 685812946

Email: info@andade.es

Representante legal: Carlos L. Ventosa Lacunza

Cargo: Presidente

Delegación ANDADE GALICIA:

(Casa das Asociacións, edif. CABES)
Rúa Manuel María, 6 - 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Dirección: <https://goo.gl/maps/t91FTNA2ZfB2>

Teléfono: 639 073 156

E-mail: jcougil@gmail.com

Páxina web: www.andade.es

Delegado: Jose Cougil Bugallo

8. HORARIO E LUGAR DE ATENCIÓN

As persoas que se achegan ata a oficina da Delegación de "ANDADE Galicia" son atendidas polo delegado de ANDADE en Galicia.

LUGAR	(Casa das Asociacións, edif. CABES) Rúa Manuel María, 6 - 15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
HORARIO	Mañás de luns a venres de 9:30 h a 14:00 h. Tarde martes a venres de 16:45 h a 19:30 h.

9. REXISTRO

A asociación está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións: Grupo 1/
Sección: 1 / Número Nacional: 589396.

A delegación de ANDADE en Galicia está inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co nº E5817.

Inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Santiago co nº: 622.

10. FEDERADA EN

Esta entidade, dende o 25 de febreiro do ano 2013, é membro da Federación COGAMI CORUÑA: Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da Provincia da Coruña.

11. SERVICIOS E ACTIVIDADES

11.1 Servizos

A delegación de ANDADE Galicia ten funcionando unha serie de servizos e programas dirixidos a ofrecer ao colectivo ao que representa, e ás súas familias, opcións de mellora da súa calidade de vida. Dentro deste programa ANDADE oferta as seguintes actividades e servizos:

Servizo de Información e Asesoramento:

Este servizo está orientado a ofrecer información e asesoramento en temas relacionados coa discapacidade tanto ao colectivo de persoas con discapacidade coma aos seus familiares, ás administracións públicas, profesionais, empresas, etc., especialmente aqueles temas relacionados coas problemáticas específica que sofren as persoas con amputacións.

Servizo de Acompañamento:

Este servizo está orientado a ofrecer apoio a persoas con amputacións e ás súas familias. Trátase dun servizo de acompañamento a ortopedias, visitas hospitalarias e visitas a domicilio para o asesoramento e orientación das persoas usuarias.

Inauguración oficina ANDADE Galicia:

O día 20 de xaneiro do ano 2017 inaugurouse a oficina na Casa das Asociacións no Centro CABES de Santiago de Compostela, na que participaron varias persoas usuarias. Dita oficina foi concedida pola Concellaría de Políticas Sociais e Concellaría da Igualdade do Concello de Santiago de Compostela. Está situada no 3º andar, número 5.



11.2 Actividades participativas.

ANDADE Galicia:

Un ano máis, a partir do día 15 de febreiro do 2017, Andade Galicia, a través das axudas individuais financiadas pola Xunta de Galicia, segue realizando Rehabilitación Deportiva para mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por amputacións mediante a actividade física.

O curso foi impartido por Doña Sofía Mosteiro Losada, licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (INEF), realizándose as actividades no centro Wellness Absolute S.L, sito en A Estrada (Pontevedra).



Todas as persoas socias que participaron melloraron a súa calidade física e o seu equilibrio á hora de realizar as actividades do día a día.

ANDADE Galicia pon en marcha un servizo de apoio itinerante, dirixido a promover a autonomía persoal das persoas con amputacións en Galicia. Componse dos seguintes servizos:

Intervención ortoprotésica:

Orientada á valoración de niveis de amputación e ao estudo de distintos tipos de encaixes protésicos.

Intervención fisioterapéutica:

Orientada principalmente á postura, rehabilitación articular e muscular e corrección das alteracións na marcha.



Este servizo está financiado pola Fundación ONCE, xunto coa colaboración de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)

Está dirixida polo ortopeda Jorge Rubal Aboly e a fisioterapeuta Vanesa García Ageitos, que traballaron conxuntamente con cada un dos amputados de forma individual, mellorando a súa calidade de vida.

Reunión das persoas socias amputadas de Galicia.

Dita reunión foi celebrada o 14 de xullo de 2017 na aula de reunións da sede de ANDADE en Galicia (Centro CABES, Santiago de Compostela).



Os temas que se trataron en dita reunión foron, entre outros, a posta en marcha dun catálogo orto-protésico común e a reunión cos representantes do Congreso dos Deputados sobre o mesmo, o Real Decreto 1056 do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade ou a inauguración do banco de próteses en Valladolid (trátase do primeiro banco de próteses de España), na que se falaban puntos como o seu


catálogo, como se debe facer para enviar as próteses, os escritos ás ortopedias, etc.

ANDADE participou nas seguintes actividades:

Xornada: “Abordaxe dende a fisioterapia e a terapia ocupacional das lesións de orixe neurolóxica”.

Organizada pola asociación AMICO, esta xornada está dirixida a cidadanía, así como ás entidades e profesionais na que expertos en fisioterapia e terapia ocupacional na atención ao paciente neurolóxico, na que se expuseron os beneficios que outorga a abordaxe integral dende a fisioterapia e a terapia ocupacional ás persoas que presentan patoloxías como os accidentes cerebrovascular ou ictus, hemiplexias, paraplexias, esclerose múltiple, esclerose lateral amiotrófica (ELA), parálise cerebral (PCI), Parkinson, lesións medulares, lesións do sistema nervioso periférico ou neuropatías, entre outras.

Os poñentes que participaron foron Marta Dapena Gómez (fisioterapeuta neurolóxica e terapeuta ocupacional) e Fernando García Cutrín (terapeuta ocupacional e técnico en produtos).



Asemblea Xeral Ordinaria Asemblea Xeral Extraordinaria
COGAMI -CORUÑA 2017



A Delegación de ANDADE Galicia. Como membro de COGAMI-CORUÑA, participou na súa Asemblea do día 9 de maio de 2017 que tivo lugar nos locais de CABES en Santiago de Compostela .

ACTO DE ENTREGA DO PREMIO CEGASAL DE XORNALISMO EN ECONOMÍA SOCIAL.



ANDADE asistiu á entrega do I premio CEGASAL á mellora da información periodística sobre economía social. Recolleu o premio o presidente de CEGASAL, D. José Antonio Vázquez Freire. Este galardón conta co apoio e colaboración do Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia.

Os galardóns foron entregados aos xornalistas Santi Riveiro (El Correo Gallego), Manuel Barral (La Opinión) e Ana Fontes (Atlántico). A

entrega dos galardóns foi realizada polo Conselleiro de Economía Emprego e Industria, D. Francisco José Conde López.

Data: xoves 18 de maio de 2017

Lugar: Gran Hotel Los Abetos. Rúa San Lázaro s/n, Santiago de Compostela (A Coruña)

II XORNADAS de GALICIA sobre ENFERMIDADE RENAL (ER).

O 26 de setembro de 2017 celebrouse no Edificio Docente Novoa Santos (Complexo Universitario de Santiago), as II Xornadas de Galicia sobre enfermidade Renal, na que se explicaron os avances que hai neste momento sobre a enfermidade no ámbito renal, trátase dunha forte aposta pola nova tecnoloxía e a participación da persoa enferma para que tanto as persoas usuarias como a súa familia poidan desenvolver a súa capacidade e xestionar a súa vida dun xeito autónomo, contando cunha Unidade de Atención Permanente.

XXVII ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE COGAMI GALICIA.

A Delegación de ANDADE Galicia. Como Membro de COGAMI-CORUÑA, participou na XXVII Asemblea de COGAMI, que tivo lugar no Centro Integral de Servizos AIXIÑA, na- Rúa Recaredo Paz nº1, Ourense.



11.3 Actividades asociativa

ANDADE Galicia:

Participou como membro activo ,nas reunións e actividades da Comisión Sociosanitaria de COGAMI , que tivo lugar o día 22 de setembro ás 16:00 horas, na sede central de COGAMI en Santiago de Compostela, rúa Modesto Brocos 7, baixos. Nesta reunión Sociosanitaria abordáronse temas como:

- Procesos habituais das asociacións.
- Propostas legislativas recentes.
- Plan Estratéxico da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Vigo Anteproxecto de lei, polo que se modifica a lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A orde do día foi a seguinte:

- Exposición sobre “Outras fontes de financiación”, a cargo de Laura Quintas.
 - Propostas legislativas recentes.
 - Proxecto de lei polo que se modifica a lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Informacións varias.
-

ANDADE, en colaboración coa asociación AMICO, levou a cabo a xornada COMPOSCLETA, un paseo-xincana acompañando as persoas con dificultades motoras, para reivindicar as beirarrúas amplas que poidan ser utilizadas por todas as persoas. Dita xornada tivo lugar o día 24 de setembro en Santiago de Compostela.



O percorrido foi aproximadamente dunha hora e de itinerario circular, saíndo dende a Praza de Galicia (cafetería Derby, rúa das Orfas), pasando por Virxe da Cerca e Barrio de San Pedro. No transcurso do paseo, sinalizouse cunha "X" os puntos que non son accesibles.

ANDADE Galicia participou nunha xornada formativa da nova páxina web de COGAMI o día 23 de xuño, que tivo lugar na aula do Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, sito na Rúa de Airas Nunes, s/n, en Santiago.

O propósito desta xornada é formar a unha persoa de cada entidade nas ferramentas necesarias para a introdución e o formateo da información da entidade na web así como de manter o sitio online actualizado.

Tamén se participou na actividade de piragüismo adaptado e vela adaptado en A Coruña a través da Fundación María José Jove.



Continuando na mesma liña, persoas socias de ANDADE Galicia participaron no descenso do río Sella en Asturias. Eduardo Gallego e Ángel Lema (socios de ANDADE GALICIA) obtiveron a segunda e décima terceira posición, respectivamente.

andade
Asociación Nacional de Amputados de España

**Las prótesis que ya no usas,
pueden servir para que otros caminen**
Gracias por tu gesto

*Algunas veces, cuando quedas
sin brazo y tienes a mano
que está en un cajón
de otro cajón que dejas.
Y habrás otro cajón al lado
de otro cajón y de otro cajón
y cuando lo encuentras,
habla la esperanza, cuando
que da otra mano, alguien
ha hecho que es un gesto.*

CALDERÓN DE LA BARCA

BANCO DE PRÓTESIS

Recogida de prótesis de miembro superior e inferior, órtesis y ayudas técnicas

Colaborador Oficial:

Asociación Nacional de Amputados de España
Inscrita en el Registro Nacional de Asociaciones Grupo 01. Sección 01.
RNE Número: 2007826 - Entidad Distinguida de Utilidad Pública

www.andade.es
Telf.: 923.107.056 / 608.369.345
Info@andade.es – bancodeprotesis@andade.es
C/ San Isidro 71-47012 Valladolid

Patrocinador Oficial:

ANDADE, coa colaboración da Fundación Barrié, lanzan o 21 de outubro de 2017 unha iniciativa solidaria a través do movemento #GIVINGTUESDAY, co fin de recadar doazóns para colaborar co proxecto pioneiro en España do Banco de Próteses.

Pódese consultar os detalles do proxecto e realizar doazóns dende dita web ou directamente entrando na páxina da plataforma. Con estas doazóns contribúese a dar esperanza as persoas amputadas ou con axenesia de outras lugares que non teñen as mesmas oportunidades ca nós.

ANDADE GALICIA participou o día 20 de novembro no Día Mundial das Vítimas de Accidentes de Tráfico, onde se gardou un minuto de silencio na lembranza das vítimas.



Tivo lugar en A Coruña, diante da Xefatura de Tráfico, onde participou tamén o funcionariado da DGT e mandos da Garda Civil, así como varias persoas socias de ANDADE.

ANDADE GALICIA participou, invitados pola Fundación María José Jove, nunha conferencia con Juan Postigo, o primeiro xogador profesional de golf amputado e sen prótese. Este profesional dou unha charla na que destacou que con tensor e moita dedicación e forza de vontade, unha persoa pode conseguir o que se propoña, máis alá de convivir cunha discapacidade ou non.



ANDADE Galicia participou xunto a COGAMI e outras asociacións o día 4 de decembro na manifestación "#AccesibilidadeYA#", na Praza do Obradoiro, nunha manifestación convocada por COCEMFE Nacional por unhas cidades accesibles.



O motivo desta concentración foi denunciar a falta de accesibilidade universal e reivindicar, a posta de medidas dirixidas a eliminar barreiras arquitectónicas das cidades para axudar facer a vida máis independente ás persoas con algunha discapacidade.

Pendente completar coas contas despois da súa probación pola asemblea.

